Santander 15-VIII-48.

Sr. Don Ramón Cabanillas.

Meu querido e admirado Cabanillas: Escribín moi depresa e axitado e inquedo a carta de fai poucos días. Hoxe, e sempre, quixera falar contigo. Tiña de ser nas ruas de Sant-Jago, ou n'un antigo e ilustre pais da nosa terra. Estás curando miña esfera de dúbidas, de acusacións do tempo perdido - n'hai que escoitalas, son perigosas gandeiras - de graves pensamentos. Pásanse outras na vida. Máis n'elas non falla o diálogo nin a compañía. Imos sendo compañeiros na mesma traveria, e poto falarche con alguniha verdade. Sende logo o re decatar das tranderas e perigos da veller non è de todos. Jre teu espíito balborda de espranza e de rentimento do infindo. Como dinantes, cando eras moço. E millor que dinantes. Estás no outono pi'ha madurecere o pomar da tua poesía. Ter de coidar da edizón con mimo e amor. Poucas veces se terá dado miña unidá semellante entre o home e a poesía coma en tí. Jre traballo de lembranza e portecemento ha facerte ben en todos os aspeitos... Sende logo precisa a limpeza d'unha boa escola de traductores. Pra tí fermosa anqueira o poeta que máis amas.. Pro a tua labourra de arestora penso eú que debe ser a de sempre. Algun esparato poema - xa que gostas de ensenpar a tua obra con un ser. moço arcipiélago, de louxe, - e è porque non un libro de prosas galegas?. As tuas vidades, os riaxes, os amigos, o Salnés, os cráustros do San Martiño, teus xogos e vagas esperanzas de neno - Tantas cou-

das que veñen a ser variacións dos mesmos poucos e fondos sentimentos. Se traballo, feito pouco a pouco, faríate moito ben. Pódría que eu estexa equivocado, pódría que non. Estás sofrindo de sodade, do primeiro embade, e vai fuxindo aquela doce rexurdidade das horas. Isto é doorro sobre todo na Galiza. Pro logo se decata un, c'axuda dos libros relixiosos, e co propio meditar, que a beleza volve a nos afalagar, agora vestida de formas superiores. Dastra trocar en cráustro un hourizonte aldeán, unha vila, o mesmo barullar das cidades. Tés unha personalísima visión: Samos. Unha tempestiña. Máis alí o ínverno remelle do norde de Burgos, a luz é pouca, o frío dino dos primeiros tempos da épica castelán - Unha tempestiña na veltoral d'un crego amigo - E Compostela toda ela o mais harmoñoso e silente cráustro, sabendo dispor as horas - Falaríamos moito de cousas. Pro xa está soando no xardín pequeno do hoteliño en que escribo unha dura conversa cántabra. Sí moi rexa e baril, pro falla cegué aquela cara e doorosa - Nos primeiros do Setembre estarei, si Dios o quer en Trasalba. E no mes que ven, ou no seguinte teño de voltar a Sant-Yago. Abisarei pra botarmos unha parrafata. Mil apertas, queridos tocaio. Sempre teu,

Ramón Otero Pedrayo